



PLAN LECTOR TAMBRE

ALA DELTA



O segredo de Zoe

Fina Casalderrey

Ilustracións
Marina Seoane

PLAN LECTOR TAMBRE

ALA DELTA



O segredo de Zoe

Fina Casalderrey

Ilustracións
Marina Seoane

antes da lectura

- 1 **Observa** a ilustración da cuberta e **marca** o medio de transporte que aparece representado.



- Unha moto acuática.
- Un barco pesqueiro.
- Un portaavións.

- 2 Agora, **le** a información da contracuberta, **imaxina** e **explica** cal crees que é o segredo que garda Zoe.

3 Rodea os animais que viven no mar.

sardiña canguro nécora elefante

raposo golfiño vaca

balea polbo galiña mexillón

corvo lura estrelamar

cempés saltón faneca lebre

4 Debuxa o teu animal mariño preferido.



5 Escribe unha listaxe de todas as actividades que podes facer no mar.

durante a lectura

1 Ordena os feitos segundo sucedan na historia.

- Zoe déitase na cama.
- Zoe abre a fiestra e o vento entra no cuarto.
- Zoe vai ao baño e mírase no espello.
- Zoe escribe unha nota e métea debaixo da almofada.

2 Explica que significa a seguinte frase da lectura.

Zoe abre a boca coma unha leoa famenta.

3 Rodea como se sente Zoe esta noite.

feliz enfadada insegura preocupada
aburrida cansa contenta


4 Ordena as palabras e **escribe** de novo a nota de Zoe.

Adeus darcho. podo amigo Non

5 **Escribe** cinco palabras relacionadas co mar que podería traer o vento ata a ventá de Zoe.

6 **Observa** a ilustración e **responde**.

Por que a lúa parece unha torta de queixo?



7 **Imaxina** o que garda Zoe no peto e **debúxao**.

durante a lectura

- 1 **Marca** verdadeiro (V) ou falso (F).

Zoe esperta co anorak vestido.

Debaixo da almofada hai un ovo de chocolate.

A nota que escribira Zoe segue estando no seu sitio.

O segredo de Zoe desapareceu do peto do anorak.

Zoe garda o ovo na mochila.

- 2 **Busca** no barullo de letras os seguintes obxectos que hai no cuarto de Zoe: cama, saba, almofada, anorak, cadeira, mochila.

M	E	R	G	A	M	I	L	X	O
O	P	C	E	N	O	B	U	U	M
C	A	L	M	O	F	A	D	A	S
H	F	R	I	R	U	V	A	C	U
I	X	T	M	A	K	U	B	I	C
L	A	R	H	K	N	S	U	B	A
A	I	P	U	O	V	E	Z	Z	M
B	C	A	D	E	I	R	A	X	A
O	V	R	S	U	O	A	M	N	E
S	A	B	A	M	U	M	E	M	A

- 3 **Escribe** en minúsculas a nota que atopa Zoe debaixo da almofada. **Usa** as letras maiúsculas só cando sexa necesario.

NON COMAS O OVO ATA A HORA DA MERENDA.

- 4 **Ordena** as letras e **escribe** como se sentiu Zoe ao descubrir que o seu segredo estaba a salvo.

A V I D A L I A

- 5 **Debuxa** a roupa que vestirá Zoe para ir ao colexio.



- 6 **Relaciona** cada froita coa árbore que a produce.

cereixa

maceira

pera

pexegueiro

mazá

cerdeira

laranxa

laranxeira

pexego

pereira

durante a lectura

1 **Responde** as seguintes cuestións.

A onde vai Zoe durante o recreo?

Que fai cando senta no banco?

Que atopa no interior do ovo?

A quen pensa pedirlle axuda para montar o xoguete?

2 **Explica** en que se diferencia o ovo que sostén Zoe na man dos que hai no prato encima da mesa.



3 **Elix**e a resposta correcta ás seguintes preguntas.

Por que a nai de Zoe non pode axudala a montar o xoguete?

- Porque está preparando o xantar.
- Porque ten que saír para ir cortar o pelo.
- Porque está facendo unha torta de queixo.

A onde vai levar a nai a Zoe?

- A mirar os barcos na ría.
- A cortar o pelo.
- A mercar roupa.

Onde traballa a nai de Zoe?

- Nunha fábrica.
- Nunha pastelería.
- Nun salón de peiteado.

4 **Colorea** o día que aparece rodeado de vermello no calendario.

10 16 20

5 Agora, **escribe** con letra o número que pintaches na actividade anterior.

durante a lectura

- 1 **Marca** verdadeiro (V) ou falso (F).

O pai de Zoe levaba moito tempo fóra da casa.

O primeiro que fai o pai ao chegar é comer a torta.

A Zoe caeulle o seu primeiro dente.

O pai de Zoe é mariñeiro.

- 2 **Explica** por que se pon triste o pai de Zoe cando descobre que lle falta un dente.

- 3 **Completa** a descrición do oficio do pai de Zoe usando as seguintes palabras.

océanos buque peixes
mariñeiro lonxe

El é _____ de altura e pasa
meses seguidos _____ da casa,
embarcado nun gran _____
conxelador que vai percorrendo todos
os _____ do mundo para pescar
_____ enormes.

4 **Escribe** correctamente o nome das seguintes profesións.

EMFERMEIRO _____


SARDINEIRA _____

BONVEIRA _____

CARRNIZEIRA _____

DEPEMDEMTE _____

5 **Debuxa** a profesión á que che gustaría dedicarte cando sexas maior e **escribe** unha breve canción como fixo Zoe.



despois da lectura

- 1 **Explica** cal era o segredo que gardaba Zoe.

- 2 **Escribe** o nome do personaxe que realizou cada acción.


Deixou un agasallo para Zoe debaixo da almofada.

Gardou o dente que lle caera para ensinarllo ao pai.


Preparou unha torta de queixo. _____

Estivo meses embarcado nun buque pesqueiro.

- 3 **Ordena** as seguintes escenas segundo acontezan na lectura.



- 4 **Completa** o encrucillado coas palabras da lectura que se indican a continuación.




1. O que non se lle conta a ninguén.
2. Ser con corpo de muller e cola de peixe.
3. Tempo entre clases para xogar na escola.
4. Cousa que se agasalla; regalo.
5. Medio de transporte que flota na auga.
6. Vidro en que podemos ver o noso reflexo.
7. Peza da boca que usamos para morder.
8. Alimento que poñen as galiñas.

- 5 **Describe** como foi a túa experiencia cando che caeu o primeiro dente como a Zoe.

despois da lectura

- 6 **Debuxa** unha nova ilustración para a cuberta do libro e **inventa** un novo título.



- 7 O Rato Pérez deixoulle un agasallo a Zoe a pesar de que ela non lle deu o seu dente. Por que cres que o fixo?
Explícao.



Título da obra: _____

Autor ou autora: _____

Ilustrador ou ilustradora: _____

Colección: _____

Serie: _____

Editora: _____

■ Personaxes que interveñen:

■ Lugar onde sucede a historia:

■ O que máis che gustou:

■ O que menos che gustou:

ficha de lectura

■ Valoración do libro:

Moi bo

Bo

Regular

■ Recomendaríaslles este libro ás túas amizades? Explica por que.

■ Gústache o final? Explica por que.

■ Debuxa o personaxe que máis che gustou.



Data da lectura: _____ Sinatura: _____